



Concello do Grove

ANUNCIO

A Deputación Provincial de Pontevedra, a través da resolución da Xunta de Goberno do día 3 de marzo de 2017, resolveu a concesión dunha subvención por un importe total de 174.742,22 € para a contratación de 26 traballadores desempregados en xornada completa e unha duración de 6 meses, ao abeiro do Plan Concellos 2017 e correspondente á Liña 3: Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais.

O Concello do Grove contratará a 7 persoas desempregadas: (4 Peóns de Obras Públicas, 2 Condutores de Camión e 1 Empregado Administrativo), a través do Servizo Público de Emprego, atendendo aos criterios de preferencia establecidos na Orde da Deputación Provincial, publicada no BOP 249, do 30 de decembro de 2016.

As persoas interesadas en participar no proceso de selección deben estar inscritas como demandantes de emprego na ocupación de Peón de Obras Públicas e estar en posesión do carné de conducir B; para os postos de Conductor de Camión, estar en posesión do carné de conducir C e CAP; e para Empregado Administrativo, ocupación de Empregado Administrativo con tarefas de atención ao público, tendo de prazo ata o 20 de xuño de 2017, para a incluír ditas ocupacións na súa demanda de emprego.

A data prevista de inicio do contrato o 1 de xullo de 2017 e a finalización o 31 de decembro deste mesmo ano.

O Grove, 14 de xuño de 2017

O alcalde-presidente

José Antonio Cacabelos Rico

*Documento asinado dixitalmente á marxe

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358